



XUNTA
DE GALICIA



LIGA DE
DEBATE



Xacobeo
2027

REGULAMENTO DA I LIGA ESCOLAR DE DEBATE



REGULAMENTO DA I LIGA ESCOLAR DE DEBATE

Este documento recolle as normas organizativas da I Liga escolar de debate e as normas de desenvolvemento dos debates. En calquera caso, por motivos de forza maior ou por decisión motivada do Servizo de Innovación e Programas Educativos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, poderán establecerse excepcións ao que dispón este regulamento.

A participación na I Liga escolar de debate supón a aceptación e cumprimento do presente regulamento.

ORGANIZACIÓN XERAL

1) Centros educativos e alumnado participante

- a) Esta convocatoria está destinada á participación dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) que teñan, na súa oferta, 3º e 4º cursos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- b) Poderán participar un máximo de 16 centros e, na medida que sexa posible, priorizarase que o número de centros participantes por provincia sexa equitativo.
- c) Cada centro poderá participar cunha única candidatura dun equipo de debate, formado por 4 persoas procedentes do alumnado de 3º da ESO, de 4º da ESO ou con alumnado combinado de ambos os niveis, garantindo sempre a diversidade de xénero na súa composición. Os centros deberán ter tamén dous alumnos ou alumnas que poidan exercer de suplentes do alumnado titular se fose necesario. Poderanse realizar cambios no alumnado que conforme os equipos inscritos na liga ata quince días naturais antes do inicio dos debates, sempre motivados e xustificados, que serán autorizados, se corresponde, pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2) Docentes e alumnado dos equipos participantes

Os centros educativos que resulten seleccionados deberán contar co seguinte equipo:

- a) Persoa coordinadora
 - i) Características:

Cada equipo ten que contar cunha persoa coordinadora, que será un membro do claustro que pertenza preferentemente a algún dos departamentos dos que dependan as materias relacionadas directamente co desenvolvemento das competencias lingüísticas e comunicativas do alumnado: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Latín, Grego, Inglés, Segunda Lingua Estranxeira, Cultura Clásica, Oratoria, Filosofía, Educación en Valores Cívicos e Éticos e mais Proxecto Competencial.
 - ii) Funcións:

- (1) Seleccionar, coa colaboración do equipo de apoio –e aconsellada polo resto do equipo docente se fose necesario– alumnado que conformará o equipo de debate.
- (2) No caso de non contar co equipo de apoio, formar o alumnado participante en diferentes ámbitos para que poida argumentar sobre distintos temas, nomeadamente os que están relacionados coas cuestións propostas nos debates, así como en técnicas discursivas e oratorias que contribúan ao desenvolvemento do pensamento crítico.
- (3) Organizar as sesións de traballo conxunto e de preparación entre os membros dos equipos (alumnado e profesorado).
- (4) Asistir, en calidade de apoio e non como participante, ás xornadas da liga nas distintas fases.
- (5) Cubrir a solicitude, a documentación de participación establecida na convocatoria ou que sexa reclamada posteriormente
- (6) Levar a cabo a avaliación final do proxecto.

b) Equipo de apoio

i) Características:

O equipo de docentes de apoio, se o hai, deberá estar constituído por un mínimo dun e un máximo de dous docentes, pertencentes a calquera departamento do centro educativo, tendo en conta que convén que estean implicados dous departamentos distintos. No caso de a persoa coordinadora non pertencer a un departamento de linguas, recoméndase que haxa alguén deste ámbito no equipo de apoio.

ii) Funcións

- (1) Formar o alumnado participante en diferentes ámbitos para que poida argumentar sobre distintos temas, nomeadamente os que están relacionados coas cuestións propostas nos debates, así como en técnicas discursivas e oratorias que contribúan ao desenvolvemento do pensamento crítico.
- (2) Apoiar e asesorar a persoa coordinadora nas súas funcións.

O profesorado participante na I Liga de debate (coordinación e equipo de apoio) recibirá ao longo de todo o curso académico unha mentorización específica, que se desenvolverá nas datas e nos lugares que determine a administración educativa.

c) Equipo de debate

i) Características:

O equipo de debate estará formado por 4 persoas procedentes do alumnado de 3º da ESO, de 4º da ESO ou con alumnado combinado de ambos os niveis, garantindo sempre a diversidade de xénero na súa composición. Os centros deberán ter tamén dous alumnos ou alumnas que

poidan exercer de suplentes do alumnado titular que por causas sobrevidas de forza maior non poidan asistir aos debates.

Poderanse realizar cambios no alumnado que conforme os equipos inscritos na I Liga de debate ata quince días naturais antes da competición/do inicio dos debates, sempre motivados e xustificados, que serán autorizados, se corresponde, pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Todos os equipos deberán contar cun voceiro ou cunha voceira. Esta figura estará representada polo docente coordinador ou a docente coordinadora ou ben por un ou unha docente do equipo de apoio. Terá a función de exercer de persoa intermediara entre o equipo e a organización. Así mesmo, terá que representar o equipo no sorteo de posición e de orde de intervención. Será tamén a persoa que reciba a documentación dos debates e a distribúa entre as compoñentes do equipo de debate. O voceiro ou a voceira non poderá sentar cos membros do equipo de debate nin interactuar con estes durante os debates.

A organización poderá excluír un equipo participante se considera que non cumpre cos requisitos establecidos nesta convocatoria ou nas instrucións que se diten durante o desenvolvemento da liga.

3) Datas e sedes previstas de celebración dos debates

Os debates serán presenciais e celebraranse, preferentemente, en horario lectivo. As datas previstas, que poderían sufrir algún axuste en función das necesidades organizativas, son as seguintes:

1. Fase 1: do 23 ao 27 de marzo.
2. Fase 2: do 27 ao 30 de abril.
3. Fase 3: do 25 ao 29 de maio.

DESENVOLVEMENTO DA I LIGA ESCOLAR DE DEBATE

A Consellería determinará todos os detalles organizativos que non estean especificados nesta convocatoria.

A organización pode excluír un equipo participante se considera que non cumpre cos requisitos establecidos nesta convocatoria ou coas instrucións que se diten durante o desenvolvemento da liga.

1) Lingua dos debates

Os debates desenvolveranse integramente en lingua galega.

2) Documentación e autorizacións

Os responsables da liga de cada centro educativo participante entregarán ás familias e ao alumnado tanto a documentación de participación coma as autorizacións relativas ao desenvolvemento da actividade.

3) Procedemento e fases da I Liga escolar de debate

Tras a mentorización dos docentes e a preparación e o adestramento do alumnado no centro educativo, os equipos de debate participarán nas distintas fases da liga, durante as que porán en práctica as destrezas adquiridas.

a) A I Liga de debate desenvolverase ao longo das seguintes fases:

i) Fase 1:

- (1) Nesta primeira fase, os 15 equipos participantes na liga distribuiranse en cinco sedes distintas, a razón de 3 equipos por sede, e participarán en debates cruzados, de maneira que todos debatan entre si no día e lugar establecidos oficialmente (é dicir, A debate con B, A debate C, B debate con C).
 - (2) Cada debate estará dirixido e moderado por un xurado, cuxa composición será decidida pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
 - (3) O tema de debate desta fase é o que se establece no apartado "7. Temas de debate" deste regulamento, e todos os equipos deberán defender a postura a favor nun dos debates e a postura en contra no outro.
 - (4) Finalizados os debates, o xurado valorará as intervencións das persoas oradoras de cada equipo, baseándose nos criterios establecidos neste mesmo regulamento.
 - (5) Unha vez finalizada esta fase, pasarán á fase seguinte 1 equipo de cada unha das sedes (en total, 5) e mais un sexto equipo que acadase unha valoración positiva por parte do xurado.
- ii) Fase 2:
- (1) Os 6 equipos que sexan seleccionados na primeira fase participarán en debates cruzados en dúas sedes distintas, a razón de 3 equipos por sede, de maneira que en cada unha das sedes haberá 3 equipos que debaterán entre si no día e lugar establecidos oficialmente (é dicir, A debate con B, A debate C, B debate con C).
 - (2) Cada debate estará dirixido e moderado por un xurado, cuxa composición será decidida pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
 - (3) O tema de debate desta fase é o que se establece no apartado "7. Temas de debate" deste regulamento, e todos os equipos deberán defender a postura a favor nun dos debates e a postura en contra no outro.
 - (4) Finalizados os debates, o xurado valorará as intervencións das persoas oradoras de cada equipo, baseándose nos criterios establecidos neste mesmo regulamento.
 - (5) Unha vez finalizada esta fase, pasará á fase seguinte 1 só equipo de cada unha das sedes (en total, 2).
 - (6) Os 2 equipos seleccionados debateran entre si na fase final.

iii) Fase 3 e final:

- (1) Os 2 equipos que fosen seleccionados na segunda fase participarán nun último debate, que se celebrará en Santiago de Compostela, no lugar e na data establecidos oficialmente.
- (2) Este debate final estarán dirixido e moderado por un xurado, cuxa composición será decidida pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- (3) O tema de debate desta fase final escollerase por sorteo entre tres temas que se comunicarán uns días antes do último debate. No sorteo, que se celebrará o mesmo día do debate, escollerase tamén a postura que deberá defender cada un dos equipos.
- (4) Finalizado o debate, o xurado valorará as intervencións das persoas oradoras de cada equipo, baseándose nos criterios establecidos neste mesmo regulamento,
- (5) Unha vez finalizada esta fase, elixirase como gañador da liga o equipo que acadase mellor valoración.
- (6) Os debates finais poderán ser gravados e retransmitidos en directo ou en diferido, para o que os centros contarán coa correspondente cesión de dereitos de imaxe do alumnado participante, que deberán custodiar.

4) Normas de desenvolvemento dos debates

Cada un dos debates das tres fases da liga estarán rexidos polas seguintes normas:

- 1) Os grupos emparellaranse segundo dispoña a organización da I Liga escolar de debate.
- 2) Os temas de debate serán os que figuren neste mesmo regulamento, e os equipos de debate deberán acatar a postura que lles corresponda defender.
- 3) O día do debate, o xurado realizará un sorteo público diante dos voceiros de cada equipo. No sorteo extraerase a postura a defender (a favor ou en contra) respecto da pregunta do debate, e informará cada un dos equipos participantes quince minutos antes do comezo da súa intervención.
- 4) Unha vez iniciado o debate, así como durante o seu desenvolvemento, o alumnado integrante dos equipos non poderá comunicarse por ningún medio con persoas alleas ao seu equipo e só se poderá

comunicar cos membros do propio equipo mediante notas escritas, evitando na medida do posible a comunicación oral.

- 5) Unha vez iniciado o debate, así como durante o seu desenvolvemento, o alumnado integrante dos equipos non poderá comunicarse por ningún medio con persoas alleas ao seu equipo e só se poderá comunicar cos membros do propio equipo mediante notas escritas, evitando na medida do posible a comunicación oral.
- 6) En cada debate deberán intervir como oradoras as catro persoas integrantes de cada equipo. Ningunha persoa oradora poderá intervir en máis dunha quenda durante un mesmo debate. O alumnado suplente que non participe no debate non poderá sentar xunto ao resto do equipo nin comunicarse cos seus membros por ningún medio.
- 7) A voceira ou o voceiro de cada equipo situarase preto do alumnado participante para seguir o debate, pero non poderá sentar xunto ao equipo nin terá permitido comunicarse cos membros do mesmo.
- 8) No desenvolvemento do debate, participarán por quendas os catro oradores e oradoras de cada equipo, seguindo a seguinte orde de intervención:
 - 1º.- Equipo a favor: exposición inicial durante 3 minutos.
 - 2º.- Equipo en contra: exposición inicial durante 3 minutos.
 - 3º.- Equipo a favor: 1ª refutación durante 4 minutos.
 - 4º.- Equipo en contra: 1ª refutación durante 4 minutos.
 - 5º.- Equipo a favor: 2ª refutación durante 4 minutos.
 - 6º.- Equipo en contra: 2ª refutación durante 4 minutos.
 - 7º.- Equipo en contra: conclusión durante 3 minutos.
 - 8º.- Equipo a favor: conclusión durante 3 minutos.
- 9) Na quenda de exposición inicial cómpre facer unha breve presentación da tese principal e dos argumentos sobre os que apoian a súa postura, e que o resto do equipo desenvolverá ao longo do debate.

- 10) Durante as refutacións, as persoas oradoras deberán contrarrestar os argumentos do outro equipo, sostendo a súa postura e aceptando as preguntas que se lle formulen por parte do equipo que non estea no uso da palabra.
- 11) Nas conclusións, cada equipo fará un resumo ou balance do acontecido no debate, durante o tempo asignado, potenciando tanto os puntos fortes da súa argumentación e contraargumentación coma os febles do outro equipo, así como a capacidade para contestar as preguntas formuladas polo outro equipo no tempo das refutacións. En ningún caso se destinará esta parte do debate a engadir datos ou argumentos novos.
- 12) Durante as quendas de refutación, os equipos poderán interpelar o orador ou oradora que estea facendo uso da palabra. Para facer esta interpelación, calquera membro do equipo levantará a man e unicamente se lle concederá a palabra cando o vexa oportuno o orador ou oradora que estea a falar. As interpelacións non poderán durar máis de quince segundos e deberán limitarse a realizar preguntas, nunca a desenvolver argumentos. En cada refutación deberá facerse un mínimo de dúas interpelacións, que non se poderán realizar no último minuto da intervención.
- 13) Durante a exposición inicial e a conclusión non se poderá interpelar o orador ou oradora.
- 14) Os catro membros do equipo deberán participar en cada debate, se ben só poderá intervir un único orador en cada unha das quendas.
- 15) Co fin de apoiar en probas e evidenciar os argumentos esgrimidos, o orador ou oradora que estea en uso da palabra será quen se aproximará, se fose necesario, á mesa para recoller notas, gráficos, fontes ou calquera outro material que necesite durante a súa intervención, agás presentacións audiovisuais.
- 16) Nin os membros do equipo nin o voceiro ou voceira poderán facer uso de Internet durante os debates.
- 17) Todas as intervencións se levarán a cabo desde o atril ou de pé.
- 18) Durante o debate as persoas que integren os equipos participantes non poderán entrar na sala nin saír dela.
- 19) Finalizado o debate, os membros do xurado reuniranse e deliberarán o resultado. O xurado valorará as intervencións dos equipos, atendendo os criterios establecidos no apartado 9, "Criterios de valoración do debate", e proclamará vencedor do debate aquel equipo que obteña unha maior puntuación.

- 20) Os teléfonos móbiles das persoas integrantes dos equipos (alumnado e profesorado) deberán permanecer apagados durante toda a duración dos debates. Tampouco se permitirá o uso de reloxos intelixentes.
- 21) Co fin de favorecer a concentración e de evitar distraccións ao alumnado durante a súa participación nos debates, só poderá tomar imaxes e vídeos a persoa que a Consellería designe para esta función.

5) A sala

As salas nas que se desenvolvan os debates terán a mesma estrutura espacial, cos seguintes requisitos mínimos:

- a) Un atril ou unha tribuna para as oradoras e os oradores.
- b) Unha mesa para cada equipo, na que sentarán as oradoras e os oradores. Estas mesas situaranse a cada un dos lados do atril, de xeito que o orador ou oradora que estea en uso da palabra poida ver os membros dos dous equipos de debate.
- c) Dous cronómetros que deberán ser visibles tanto polos equipos coma polos membros do xurado e que irán marcando, en conta atrás, os minutos de cada unha das partes do debate.
- d) Un espazo reservado para os membros do xurado, fronte ao espazo de desenvolvemento do debate.

Ninguén alleo aos equipos e ao xurado poderá ocupar os espazos reservados para as persoas participantes.

6) Uso do cronómetro

- a) Unha persoa fará o papel de cronometradora e encargarse de activar e deter o reloxo que mide a intervención de cada orador ou oradora.
- b) O tempo empezará a correr en canto o orador comece a súa intervención.

- c) En cada cambio de quenda, as oradoras e os oradores retiraranse e comezarán a súa intervención coa máxima dilixencia co fin de dar fluidez ao transcurso do debate, rapidez que será tida en conta polo xurado na súa valoración.
- d) A persoa cronometradora cubrirá unha acta na que anotará o uso dos tempos en cada quenda, e compartirá calquera incidencia ou observación coa presidencia do xurado á finalización do debate.

7) Temas de debate

Os temas de debate fórmulanse como unha pregunta que dea lugar a posturas opostas. Os equipos deberán defender a postura a favor ou en contra segundo lles toque nos sorteos previos a cada un dos debates.

Estes serán os temas de debate para cada unha das fases:

- 1) Fase 1: "É conveniente limitar o acceso ás redes sociais ás persoas menores de 16 anos?"
- 2) Fase 2: "A intelixencia artificial é unha axuda ou é un risco para a sociedade?"
- 3) Fase 3 e final: haberá tres temas que se concretaran uns días antes do último debate, e deles escollerase por sorteo o tema sobre o que xirará o debate final no mesmo día de celebración, segundo o establecido no apartado "3. Procedemento da competición e fases da liga".

8) Xurado e moderación

- a) En todas as fases da liga, unha persoa do xurado exercerá a función de moderadora, dándolle a quenda de palabra a cada equipo e controlando os tempos e as intervencións realizadas.
- b) Na primeira fase haberá 5 xurados (un por sede), composto cada un deles por 4 persoas relacionadas co ámbito educativo ou cultural, designadas pola Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa.
- c) Na segunda fase haberá 2 xurados (un por sede), composto cada un deles por 4 persoas relacionadas co ámbito educativo ou cultural, designadas pola Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa.

- d) Na fase final haberá un único xurado, constituído por 4 persoas relacionadas co ámbito educativo ou cultural, designadas pola Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa.
- e) Na composición de todos os xurados garantirase sempre a paridade de xénero na súa composición.
- f) O xurado, a través da persoa que exerza a presidencia, terá as seguintes atribucións.
 - i) Verificar que se atopan presentes os equipos e as persoas que os compoñen á hora do comezo do debate.
 - ii) Sortear as posturas a favor e en contra antes do comezo dos debates.
 - iii) Presentar os equipos participantes e os outros membros do xurado.
 - iv) Moderar o debate, dando a quenda de palabra a cada orador e oradora e controlando os tempos e as intervencións realizadas.
 - v) Manter a orde e comunicar calquera aviso aos equipos de debate.
 - vi) A instancia dalgún dos equipos participantes, requirir a demostración da veracidade de calquera dato que se utilice durante o debate. Nunca se poderá solicitar a veracidade dunha evidencia durante o desenvolvemento do debate, senón sempre á súa finalización, durante o prazo establecido para as reclamacións.
 - vii) Advertir calquera persoa da sala ou calquera compoñente dun equipo que incumpra algunha das normas dos debates ou incorra en comportamento indebido durante a celebración dos mesmos. Facer caso omiso das advertencias pode dar lugar a unha expulsión.
 - viii) Unha vez finalizado o debate, o xurado deberá emitir un veredicto de forma colexiada no que se declarará gañador un dos equipos. Nunca se poderá establecer un empate.
- g) As deliberacións do xurado manteranse en segredo.
- h) As decisións do xurado serán inapelables.
- i) Calquera incidencia ocasionada na interpretación destas bases será resolta polas persoas integrantes do xurado.

9) Criterios de valoración do debate

As e os xuíces valorarán aspectos relativos tanto ao fondo coma á forma das intervencións, así como ao desenvolvemento do debate e a actitude do alumnado que conforma os equipos.

Os debates avaliaranse mediante valoracións positivas que recoñezan as capacidades e as competencias demostradas polas oradoras e polos oradores, e que conduzan ao bo desenvolvemento de cada un dos debates. En ningún caso se aplicarán penalizacións nin deducións de puntos.

Valorarase que durante as distintas quendas dos debates as oradoras e os oradores manteñan a postura que lles corresponde mediante a construción dun discurso que a sosteña.

Ademais, valorarase que, en cada unha delas, o orador ou a oradora demostre as seguintes capacidades:

1. Durante a exposición inicial:
 - a. Atense á postura que lle corresponde defender.
 - b. Recorre ao uso do exordio.
 - c. Marca unha tese principal sólida.
 - d. É capaz de manter unha liña argumental estruturada.
2. Durante as refutacións:
 - a. Mantén a coherencia respecto da tese principal determinada na exposición inicial.
 - b. Sabe cuestionar as afirmacións, as evidencias e mais os razoamentos do outro equipo.
 - c. Sostén as propias afirmacións, evidencias e razoamentos.
 - d. Mostra evidencias con claridade, credibilidade e ben integradas dentro dos seus razoamentos.
 - e. Argumenta os seus razoamentos.
 - f. Emprega as fontes adecuadamente.
 - g. Concede preguntas ao outro equipo e respóndelas axeitadamente.
 - h. Formula interpelacións relevantes á oradora ou ao orador da refutación contraria e estas están ben formuladas.
 - i. Emprega as interpelacións para solicitar aclaracións, mais non para refutar.
3. Durante as conclusións:
 - a. Fai un resumo dos argumentos defendidos adaptado á conclusión.
 - b. Subliña os puntos fortes da argumentación do seu equipo.
 - c. Destaca os puntos febles que detectou no discurso do outro equipo.
 - d. Subliña os puntos fortes da súa propia argumentación.
 - e. É capaz de facer un peche circular da intervención do equipo.
 - f. Limitase a concluír sen engadir datos nin argumentos novos.

Ademais, porase en valor que as oradoras e os oradores demostren as seguintes aptitudes e competencias durante todo o desenvolvemento dos debates:

1. Xestión do tempo:
 - a. Respectan os tempos establecidos para cada unha das quendas, cunha marxe máxima 20 segundos.
 - b. Son capaces de axustar o contido e o desenvolvemento da súa intervención ao tempo dispoñible.
2. Habilidades comunicativas:
 - a. Constrúen un discurso orixinal.
 - b. Transmiten as súas ideas con claridade.
 - c. Coidan a dicción (pronuncia, volume, ritmo, ton, pausas...) en prol dunha boa comunicación.
 - d. Empregan un vocabulario rico e preciso.
 - e. Mostran un bo dominio da linguaxe non verbal.
 - f. Controlan o espazo escénico.
 - g. Demostran a interiorización dos argumentos e do tema de debate.
 - h. As capacidades comunicativas reflicten a preparación previa no centro educativo.
3. Traballo en equipo:
 - a. Os equipos demostran unha boa coordinación entre os seus membros.
 - b. A actitude das oradoras e dos oradores é de solidariedade cos compañeiros e coas compañeiras.
 - c. Cumpren os roles correspondentes a cada unha das quendas.
 - d. Manteñen a atención no debate e nas intervencións das compañeiras e dos compañeiros que interveñen con anterioridade.
 - e. Ao finalizaren a propia intervención, manteñen a atención no debate e nas intervencións das compañeiras e dos compañeiros que interveñen a continuación.
4. Actitude e comportamento:
 - a. Demostran unha actitude respectuosa tanto cara ás compañeiras e compañeiros do propio equipo coma cara ás persoas que integran o resto dos equipos.
 - b. Practican un diálogo honesto con vontade construtiva, sen ataques nin descualificacións persoais.
 - c. Manteñen un comportamento acorde aos valores académicos e democráticos.
 - d. Respectan en todo momento a quenda de palabra do outro equipo de debate.
5. Calidade e veracidade dos contidos:
 - a. Empregan correctamente as citas, con datos contrastados.
 - b. A exposición dos argumentos e das refutacións é clara.
 - c. Fan un uso adecuado dos recursos externos.

6. Organización e puntualidade

- a. O equipo comparece con puntualidade e á hora acordada na sede de celebración do debate.
- b. O alumnado e o profesorado integrante dos equipos é o que se comunicou previamente á organización.

O xurado, mediante o seu veredicto, escollerá un equipo gañador de cada un dos debates, e fará constar nunha acta os motivos da súa elección, que deberán ser consensuados entre os distintos membros do xurado.

Dado que a I Liga escolar de debate ten un carácter formativo e non competitivo, nas actas non se recollerán puntuacións numéricas, senón valoracións integradoras que recoñezan as capacidades do alumnado que participou nos debates, e que conviden á mellora daquelas habilidades que non quedaron suficientemente adquiridas.

É ben lembrar, neste sentido, que o debate é unha tarefa cooperativa e interdisciplinaria que permite traballar e potenciar, entre outras, as seguintes habilidades:

- O respecto e a aceptación das ideas das compañeiras e dos compañeiros.
- A empatía cara a aquelas persoas coas que se disente.
- A resolución dialogada e pacífica dos conflitos.
- O respecto crítico a outros puntos de vista.
- A asunción de responsabilidades éticas.
- A capacidade de localizar, avaliar, organizar e comunicar a información.
- A mellora da capacidade comunicativa en público.
- A deliberación compartida sobre cuestións da vida cotiá.
- O respecto ás normas acordadas.
- A capacidade de establecer pontes de entendemento.
- A construción compartida de coñecemento.

10) Reclamacións

As reclamacións sobre o debate deberán realizarse dirixíndose ao xurado unha vez concluído o debate e antes de que os seus membros se retiren a deliberar.

Posteriormente non será admitida ningunha reclamación e a decisión do xurado será inapelable.

11) Normas de convivencia

Os equipos deben contribuír ao mantemento da cordialidade e do respecto entre todas as persoas - alumnado, profesorado, membros do xurado etc.- que participan na liga.

Calquera conduta contraria aos principios do debate e á convivencia, así como o uso de medios non permitidos ou o incumprimento das normas establecidas, poderá supoñer a exclusión ou a expulsión dun ou dunha participante e mesmo dun equipo de debate.